



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O CENTRO ASOCIADO **UNED - A CORUÑA** PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA UNED SÉNIOR

Santiago de Compostela, - 9 DEC. 2016

REUNIDOS

Dunha parte:

Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 126/2015, do 4 de outubro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

Doutra parte:

Don Germán Carro Fernández, en calidade de director en funcións do Centro Asociado UNED- A Coruña, con CIF V15058407, cargo para o que foi nomeado por resolución reitoral do 9 de xuño de 2015, en nome e representación da mesma, por virtude de delegación de competencias efectuada mediante resolución do Reitorado da UNED de 3 de marzo de 2015 (BOE de 13 de marzo).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23 confírelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de asistencia social, sendo



XUNTA DE GALICIA

transferidas estas competencias polo Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro e asumidas pola Xunta de Galicia segundo o Decreto 54/1985, do 21 de marzo.

II. Que conforme ao Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica da consellerías da Xunta de Galicia e ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, correspóndelle á dita consellería propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar que engloban, entre outras, as competencias en materia de servizos sociais incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

III. A Consellería de Política Social e a UNED - A Coruña consideran de interese que as persoas maiores, debido ó aumento da esperanza de vida e que a meirande parte delas gozan de boa saúde, poidan compartir coa sociedade as súas experiencias e ó mesmo tempo acadar novos coñecementos. De igual forma recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social. Para alcanzar esta finalidade, cómpre establecer mecanismos axeitados para a realización de accións concretas e obter a maior eficacia.

IV. Conforme ós requisitos previstos no artigo 26.2 apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Centro Asociado UNED-A Coruña é unha institución pública que, dentro do marco xeral establecido pola UNED, desenvolve o programa UNED Sénior en concellos de A Coruña e Lugo. O dito programa presenta certas peculiaridades en relación ás propostas desenvolvidas por outros centros universitarios:

- O programa desenvólvese vinculado ó ámbito rural galego.
- Co programa colaboran activamente distintas administracións públicas de ámbito local e outras entidades.
- As particulares características do medio rural no que se realiza o programa determinan rangos distintivos do alumnado e da metodoloxía empregada, destacando a idade e a combinación da perspectiva académica coa relacional.

V. Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ó que van dirixidas, por outra, a ausencia no ámbito





XUNTA DE GALICIA

territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ó ámbito competencial da Consellería de Política Social, conforme ao previsto no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica da consellerías da Xunta de Galicia e ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, queda xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en aplicación do artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Consellería de Política Social e o Centro Asociado UNED- A Coruña recoñecen a necesidade de crear e potenciar no ámbito rural as actividades educativas, culturais e formativas que faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social.

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

A Consellería de Política Social e o Centro Asociado UNED- A Coruña colaborarán e facilitarán a consolidación do programa UNED Sénior, que é unha oferta de estudos para aquel sector da sociedade maior que concluíu a súa vida laboral e demanda un novo tipo de formación actualizada e axeitada ás súas inquedanzas formativas e intereses culturais. A estes efectos, sempre dentro do marco xeral establecido polo Centro Asociado UNED- A Coruña pero facendo uso da flexibilidade que o programa UNED-Sénior adoptou como un dos seus principios reitores, o programa desenvólvese vinculado ó ámbito rural galego, de tal xeito que as clases non se celebran no Centro Asociado UNED-A Coruña (con sedes nas cidades de A Coruña e Ferrol), senón que se desprazan ó ámbito rural para dar cobertura a unha necesidade formativa específica, á que non daban resposta, ata agora, as universidades presenciais, evitándose deste xeito o solapamento de ofertas similares a un mesmo público demandante.

Os obxectivos do programa UNED- Sénior son os seguintes:



XUNTA DE GALICIA

- Ofrecer unha modalidade de formación continua sobre todas as temáticas, intereses, necesidades e preocupacións dos maiores co fin de mellorar a súa calidade de vida.
- Proporcionar coñecementos, aprendizaxe e estratexias para o desenvolvemento integral e a autonomía persoal por medio da aprendizaxe ao longo da vida.
- Favorecer a comunicación a través do fomento das relacións interpersoais e o encontro interxeracional co fin de posibilitar o enriquecemento persoal, a participación e a cidadanía activa.
- Ofrecer ós maiores un espazo para intercambiar coñecementos e competencias co fin de compartilas, facilitando a transferencia de saberes e actitudes adquiridos a través da experiencia.
- Propiciar o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación co fin de abrir novos horizontes para a súa autorrealización.
- Promover un mellor coñecemento das posibilidades sociais, culturais, económicas e educativas que brinda o contexto.
- Promover a dinamización do ámbito rural, propiciando o achegamento da educación universitaria a zonas onde a universidade non ten habitualmente presenza.

SEGUNDA.-Orzamento

Segundo a Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, está previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude deste convenio.

A Consellería de Política Social achegará para a realización desta formación durante o exercizo 2016, un total de 13.200 €, con cargo á aplicación orzamentaria 12.04.312E.444.0.

TERCEIRA.-Obrigas

O Centro Asociado UNED- A Coruña deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e deberá cumprir as seguintes obrigas, previstas no artigo 11 da mencionada lei:



XUNTA DE GALICIA

1. Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.
3. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercizo das actuacións anteriores.
4. Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
5. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ó beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións coa finalidade de garantir o adecuado exercizo das facultades de comprobación e control.
6. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
7. Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
8. Incluír en todas as actividades obxecto do convenio, en lugar visible, a publicidade e información de: financiado pola Consellería de Política Social.





XUNTA DE GALICIA

9. No deseño e desenvolvemento dos programas e das actividades obxecto do presente convenio incorporárase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.
10. Diseñar e desenvolver as actuacións do presente convenio tendo en conta ás necesidades e demandas das persoas con discapacidade e baixo os principios establecidos no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
11. Incluír, se é o caso, na súa programación de actividades, aquelas que sexan promovidas e financiadas pola Consellería de Política Social e estean destinadas, entre outros ámbitos: á promoción da saúde e o benestar, ao desenvolvemento persoal e ciclo vital, á promoción da participación e do voluntariado e ao uso e manexo das novas tecnoloxías.
12. Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

Así mesmo, a entidade deberá subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

CUARTA.-Xustificación e pagamento

1. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro de 2003) e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño de 2007) e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento (DOG nº 20, do 29 de xaneiro de 2009).

2. Son gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia. A estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2016**. Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o





XUNTA DE GALICIA

gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do proveedor. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor.

3.O pagamento das achegas farase do seguinte xeito:

- a) Efectuarase un pagamento do 30 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 70% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do convenio.

4. No momento da presentación da xustificación do convenio, en todo caso con data límite do **10 de decembro de 2016**, a entidade presentará a seguinte documentación:

- **Informe-memoria** detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ó abeiro deste convenio, acompañado dunha **certificación** asinada pola intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento de que as achegas da Consellería de Política Social foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

- **Declaración complementaria do conxunto das axudas** solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para estes mesmos fins, das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.

- **Declaración responsable** de que a entidade se atopa ó día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e que non ten pendentes de pagamento débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia nin é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución da garantía ao entrar



XUNTA DE GALICIA

no suposto previsto no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba a regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

5.A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

6. Segundo o previsto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o custo total da actividade .

QUINTA.-Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual ningunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

O Centro Asociado UNED- A Coruña asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de impartir a formación ou levar a cabo as actividades establecidas no convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais, reservándose as dúas partes deste convenio o dereito ó exercizo das accións pertinentes tanto resolutorias como indemnizatorias no suposto de paralización dalgunha actividade.

SEXTA.- Obrigas de publicidade

De conformidade co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e coa autorización expresa da entidade beneficiaria, a Consellería de Política Social remitirá os datos necesarios para a súa inclusión e publicidade nos rexistros públicos de axudas. Así mesmo comunicará na súa páxina web oficial os seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.





XUNTA DE GALICIA

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Por outra banda O Centro Asociado UNED- A Coruña adquire tamén os compromisos e obrigas de dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto do presente convenio, en cumprimento do establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e incluír en todas as actividades obxecto do convenio, en lugar visible, a publicidade e información de: financiado pola Consellería de Política Social.

SÉTIMA.- Protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución do mesmo, e o Centro Asociado UNED- A Coruña obrígase ó cumprimento da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e, en concreto, da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de datos de carácter persoal.

OITAVA.-Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2016; non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados; en todo caso os pagamentos dos gastos subvencionables ao abeiro deste convenio deberán estar efectivamente realizados na data límite de presentación da xustificación, o **10 de decembro de 2016**, establecida no apartado 4 da cláusula cuarta deste convenio.





XUNTA DE GALICIA

NOVENA.-Seguimento e control

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectados polo mesmo. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e dous representantes do Centro Asociado UNED- A Coruña. A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.

DÉCIMA.-Reintegro

En aplicación do disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, procederá o reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida e dos xuros de mora xerados desde o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen.
- b) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas,





XUNTA DE GALICIA

ou a concorrência de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

- e) Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención. total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas.
- f) Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por este asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e a regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrência de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- g) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Cando o cumprimento polo beneficiario ou, se é o caso, pola entidade colaboradora se aproxime de modo significativo ó cumprimento total e acrediten unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade que se vai reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados na letra j) do apartado 1 do artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Iguamente, no suposto previsto no apartado 3 do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

Con independencia das causas de reintegro enumeradas, a declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución de concesión por concorrer as causas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando concorra





XUNTA DE GALICIA

algunha das causas de reintegro antes referidas, levará a obriga de devolver as cantidades percibidas. Non procederá a revisión de oficio do acto de concesión cando concorra causa de reintegro.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ó 23 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia na redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

DÉCIMO PRIMEIRA.-Natureza e réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, aplicándosele os principios do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse; o disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo que modifica o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución, serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, se a resolución fose expresa, ou tres meses se se tratase dun acto presunto contado a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa normativa específica se produza o acto presunto, segundo o previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.





XUNTA DE GALICIA

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

O CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL



José Manuel Rey Varela

O DIRECTOR DO CENTRO ASOCIADO

UNED -A CORUÑA



Germán Carro Fernández

